

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de novembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e corenta e cinco minutos do día sete de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1074).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1075).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS NOS SENDEIROS AZUIS DO CONCELLO DE VIGO, APROBADO POR X. GOBERNO O 14/10/16. EXPTE. 9069/446.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 4/11/16, conformado polo concelleiro-delegado do Servizo, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 14 de outubro de 2016, acordou aprobar o proxecto de convenio de colaboración Concello de Vigo – Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo actuacións nos Sendeiros Azuis do Concello de Vigo: “Senda de Ribeira e Litoral: Camiño á Beiramar”, “Senda entre Faros, Illas Cíes-Vigo” e “Senda Litoral e do Monte da Guía” (expte. 9069/446).*

*Observado un erro na redacción da cláusula undécima do convenio marco, toda vez que na normativa de aplicación citouse a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, actualmente derogada, propónse á Xunta de Goberno Local a rectificación do citado acordo no que se refire únicamente á eliminación desa cita, e a substitución da mesma por:*

*“Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.”*

*Manter firme o resto do acordo adoptado en sesión de data 14 de outubro de 2016, no que non resulte modificado por esta rectificación.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e corenta e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.